

A nosa rede

Editan: COETG/AETG

Decembro 2007



especial

XII Noite Galega das Telecomunicacións

editorial

Ramón Bermúdez de Castro Olavide | Decano COETG | Presidente AETG



colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galicia



Asociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia



Ve a luz un novo número da revista **A nosa rede**, un dos principais instrumentos de comunicación do noso colectivo, representado polo Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG-AETG). A publicación xorde das inxerencias do conxunto de enxeñeiros de telecomunicación como unha iniciativa común, dirixida ao sector TIC de Galicia nas súas diferentes áreas de actividade.

Como sabedes, **A nosa rede** concíbese, en primeiro lugar, para ser unha revista sectorial, para crear identidade en materia de telecomunicación e de Sociedade de Información en Galicia. Concíbese ademais para situarse do lado dos que constrúen industria e servizos TIC na nosa comunidade, onde as novas xeracións poidan crear, innovar, ter oportunidade de emprego e de futuro.

Este número de decembro está dedicado na súa totalidade a referir o máis destacado da *XII Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2007*, convertida xa nun importante foro de progreso para Galicia en materia tecnolóxica e nun claro referente para todos os enxeñeiros de telecomunicación da nosa comunidade. A carga informativa da Noite Galega das Telecomu-

nicacións, así como as súas consecuencias para o sector recóllense neste especial **A nosa rede** a través das distintas intervencións que couberon no marco da *Noite* e das colaboracións dalgúns dos nosos patrocinadores, manifestando a súa particular visión do evento e da situación actual do sector TIC.

Máis alá da súa dimensión social, desde o COETG-AETG pretendemos converter a *Noite* nun auténtico puntal cara a plena inmersión de Galicia nas TIC. Galicia precisa protagonizar o seu propio despegue tecnolóxico en consonancia con España e con Europa. Neste punto, a Administración debe mover ficha e saber que conta co respaldo de todo o noso colectivo. Desde o COETG tenderemos as pontes necesarias para eliminar todo tipo de atrancos. Para isto, é fundamental crear conciencia social sobre a importancia do colectivo de enxeñeiros de telecomunicación e o seu papel chave no desenvolvemento de todos os sectores económicos.

Quero aproveitar tamén esta ocasión para felicitarnos as festas de Nadal; agradecervos a vosa colaboración durante o exercicio 2007 e apelar ao voso compromiso futuro para facer da nosa actividade un referente no desenvolvemento do tecido social e económico de Galicia.

A nosa rede

DIRECTOR

Manuel Barreiro Álvarez

CONSELLO EDITORIAL

Emilio Rojo Bangueses

Francisco Xavier Alcalá Navarro

Jaime Vázquez Oliván

Javier Fernández Fraga

Ramón María Lois Santos

DESEÑO E REALIZACIÓN

Relaciones Públicas Galicia

IMPRESIÓN

Gráficas Garabal, S.L.

Depósito legal: C-3132-2004

ISSN: 1699-3861

sumario

03	Editorial
05	Máis de 300 profesionais das telecomunicacións reúnen-se na Toxa na súa gala anual
14	Intervención da directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, Helena Veiguela Martínez, na XII Noite Galega das Telecomunicacións
16	Intervención do Enxeñeiro do Ano 2007, Antonio Posse Peña, na XII Noite Galega das Telecomunicacións
18	Intervención do Socio de Honra 2007, Santiago Rey Fernández-Latorre, na XII Noite Galega das Telecomunicacións
21	Intervención do Decano do COETG, Ramón Bermúdez de Castro Olavide, na XII Noite Galega das Telecomunicacións
24	Intervención do Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, na XII Noite Galega das Telecomunicacións
28	Imatia Innovation S.L., Premio Gerardo García Campos á Mellor Iniciativa Empresarial TIC
30	Sociedade Tecnocoid, Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais
32	Arantia 2010, Premio á Mellor Aplicación TIC
35	<i>A urxente necesidade de innovar: un reto para a economía galega. IBM</i>
37	<i>Vodafone en Galicia. Vodafone España</i>



colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galicia



Asociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia



XII Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2007

Máis de 300 Profesionais das Telecomunicacións reúnense na Toxa na súa Gala Anual

O Gran Hotel Hesperia da Toxa acolleu a XII edición da Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2007, punto de encontro para os profesionais das telecomunicacións, as novas tecnoloxías e a sociedade da información. Na gala, presidida polo xefe do Executivo galego, Emilio Pérez Touriño, e organizada polo Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG-AETG), déronse cita máis de 300 profesionais do sector TIC, superando así cifras de asistencia de edicións anteriores.

Banda Larga, o vehículo clave para a plena inserción da cidadanía galega na Sociedade da Información

O acto de presentación da “Banda Larga en Galicia: Acceso Universal á Información e aos Servizos” abriu o programa desta XII edición, da man da directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, da Consellería de Innovación e Industria, Helena Veiguela, quen deu paso á proxección dun audiovisual no que se expuxeron os principais datos sobre cobertura, acceso e usabilidade da Internet en



toda a xeografía galega e sobre a importancia da Banda Larga como vehículo clave para a plena inserción da cidadanía galega na Sociedade da Información.

No marco da Noite, o COETG fixo entrega dos seus xa tradicionais premios. Nesta ocasión, o director técnico da Compañía Radio-Televisión de Galicia (CRTVG), Antonio Posse Peña, recibiu a distinción Enxeñeiro do Ano 2007, pola súa decisiva contribución ao desenvolvemento da profesión de enxeñeiro de telecomunicación na comunidade galega, destacando especialmente a súa tra-



xectoria profesional, asentada nun profundo traballo de base, dedicación e constancia, contribuíndo así ao prestixio e bo nome da profesión. Tamén destaca o COETG a dotación, desde o seu posto, da máis alta tecnoloxía no equipamento do ente público autonómico galego CRTVG.

O presidente da Corporación Voz de Galicia e editor de La Voz de Galicia, Santiago Rey Fernández-Latorre pasa a engrosar no presente ano a lista dos Socios de Honra da AETG, distinción que premia as personalidades destacadas no apoio e na promoción do sector TIC en Galicia. As

Xuntas Directivas do COETG e da AETG valoraron como razóns determinantes deste recoñecemento o seu liderato en canto a: o alto compromiso coas Tecnoloxías da Información e da Comunicación, en especial coas infraestruturas de comunicación, dentro da súa propia organización; a forte implicación do seu grupo corporativo en empresas vinculadas ao sector TIC, así como o elevado compromiso coa creación de emprego na nosa comunidade e o desenvolvemento das TIC desde o punto de vista do I+D en Galicia a través da publicación de traballos en La Voz de Galicia.

O Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais, que recoñece aqueles proxectos ou traxectorias das telecomunicacións que lle aporten beneficios á sociedade en xeral, concedéuselle nesta ocasión á sociedade Tecnocoid, formada polas empresas Arteixo Telecom e Level-telecom, polo Sistema Intelixente de Monitorización de Alertas Persoais (SIMAP), que supón un importante impacto nos beneficios sociais como dinamizador do servizo de atención cidadá. Entre as súas múltiples ventaxas figura a localización inmediata das persoas afectadas do mal de Alzheimer ou con algunha



A XII Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, presidida por Emilio Pérez Touriño, acolleu a presentación do audiovisual "Banda Larga: acceso universal á información e aos servizos"



outra demencia leve, o despregue das medidas de auxilio necesarias, así como a extensión do servizo a todo o territorio estatal.

O Premio á Mellor Aplicación TIC 2007, que reconece as aplicacións das novas tecnoloxías aos sistemas de operatividade empresarial e industrial, correspondeulle este ano á empresa Arantia 2010, polo seu proxecto Arantia TV, que aposta pola tecnoloxía aplicada ao sector hoteleiro, ao ofrecer aos usuarios todo un abano de innovadores servizos de ocio e de entretemento a través do televisor.



O Premio Ingeniero Gerardo García Campos á Mellor Iniciativa Empresarial no Sector TIC, patrocinado pola Fundación do mesmo nome e dotado con 6.000 euros, correspondeulle nesta edición á empresa Imatia Innovation, S.L. pola introducción de valor tecnolóxico en mercados tradicionais, a creación de emprego tecnolóxico e a actividade en I+D.

Durante a súa intervención, o Decano-Presidente do COETG-AETG, Ramón Bermúdez de Castro Olavide, lembrou o papel fundamental dos enxeñeiros de telecomunicación ao colaboraren, dixo, “na construción dun mundo desenvolvido cuxos



límites falan dunha sociedade máis democrática, máis avanzada en protección e servizos, globalizada e conectada entre as persoas, as máquinas, o ocio e os negocios, con máis e mellor vida”.

A Banda Larga está chamada a converterse no teléfono do século XXI

Falou tamén do significado da Banda Larga, non só como un produto tecnolóxico, senón tamén como unha intervención social que leva parellos unha serie de beneficios en materia de educación, cultura, saúde, seguridade, entretemento, etc, de xeito que está chamada a converterse no “telefono do século XXI no que a aceptación social e utilización se refire”. Sen embargo, asegurou que “a dispoñibilidade da banda larga é condición necesaria pero non suficiente para o desenvolvemento da Sociedade da Información. “Precisamos, ademais de políticas de fomento de acceso a internet, políticas de fomento do uso da Rede por parte das institucións, empresas e cidadáns. E neste punto, require un esforzo importante por parte de todos: Goberno, Universidade, Empresas e da entrada de persoas capacitadas e cunha visión clara destas tecnoloxías”, referíndose ao colectivo de enxeñeiros de telecomunicación.



O decano do COETG, Ramón Bermúdez de Castro Olavide, fixo un chamamento a prol do desenvolvemento do sector TIC autonómico, para o que pediu o compromiso da Administración, e subliñou o papel destacado que debe desempeñar o colectivo de enxeñeiros de telecomunicación na constante mellora da calidade de vida dos galegos.













premios

O director técnico da CRTVG

Enxeñeiro do Ano

O presidente da Corporación Voz de Galicia

Socio de Honra

A empresa Imatia Innovation

Premio Ingeniero Gerardo García Campos á Mellor Iniciativa Empresarial TIC

O Sistema Intelixente de Monitorización de Alertas Persoais (SIMAP) da Sociedade Tecnocoid

Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais

Arantia 2010

Premio á Mellor Aplicación TIC



Intervención da directora xeral na XII Noite Galega das Telecomunicacións

Helena Veiguela Martínez | directora xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información

Sr. Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Secretario Xeral de Comunicación, Sr. Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Gz, Directores Xerais, Delegada, AUTORIDADES TODAS, Sras e Sres:

É para mín unha honra na noite galega das telecomunicacións, dirixirme a vostedes en representación da Consellería de Innovación e Industria.

Cada día xorden ao noso arredor novos servizos, novos métodos e modelos de base tecnolóxica que deveñen nun xeito novo de relación e de organización nos eidos máis dinámicos da nosa sociedade. É así como vai tomando forma a Sociedade da Información, un contorno social que se define pola enorme capacidade que temos os cidadáns, as empresas e as administracións de crear, organizar, consultar, utilizar e compartir a información e o coñecemento.

Non hai dúbida de que para os que eiquí estamos o desenvolvemento económico e social de Galiza pasa por apostar decididamente por instalármolos de cheo e con naturalidade nos novos escenarios que se crean no contexto da S.I.

Na noite galega das telecomunicacións de hai un ano, estabámos inmersos no árduo traballo de elaboración do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información. E dígoos en plural porque a il contribuímos non só a administración senón



tamén o tecido empresarial, os profesionais TIC en xeral e os de Telecomunicacións en particular.

Hoxe, felizmente, o plano existe, foi aprobado polo Parlamento e xa conta no seu haber con numerosas iniciativas en desenvolvemento.

Desde a Noite de 2006, moitos foron os avances, no marco do Plano Estratéxico e nos diferentes ámbitos das TIC:

- A consolidación da Rede de Dinamización da S.I. Que ven de inaugurar o curso na súa 2ª convocatoria.
- A iniciativa galega polo S-L mancomun.org, á que ao longo do ano se incorporaron importantes ferramentas con A Forxa, Entrans e Golfinho. Estas están impulsando

tanto no seo dos cidadáns como das empresas, a utilización e desenvolvemento de S-L. Os últimos datos do INE, publicados onte, posicinan a Galiza, no uso de Linux nas empresas, por riba das medias estatais.

- Por outra banda, hoxe mesmo presentouse a web do observatorio galego da S.I. coas características previstas no PEGSI, e está previsto que en novembro nos proporcione unha foto detallada sobre a situación da S.I. en Galiza.
- A creación da Oficina de Xestión do PEGSI e todas as ferramentas ligadas ao mesmo, como o portal para a súa difusión "sociedade da información.eu" que leva máis de 75.000 visitas, > de 700 novas e > 50 entrevistas de opinión e dossieres e artigos.

- A contratación do Mapa de Infraestructuras de Telecomunicacións de Galiza, que se rematará a finais de decembro.
- A localización de Soft con destino a PEMES, que estará dispoñible o 7 de Novembro, ...e un longo etc, de ordes de axudas, cursos de formación, eventos,... son o froito dos últimos meses de traballo.

Nesta orde de cousas cabe destacar, polo que implica para o desenvolvemento TIC, a comisión promotora do Cluster, que xunto coa Plataforma Tecnolóxica Vindeira e os Centros Tecnolóxicos das Telecomunicacións e do Software, son os pilares para o desenvolvemento dun sector TIC galego, potente, competitivo e innovador que teña capacidade para fornecer as necesidades das nosas empresas e institucións pero tamén de internacionalizarse e competir en calidade e en servizo.

Pero estamos na Noite Galega da Banda Larga:

Sabemos que Galiza en particular e o Estado Español en xeral, está lonxe dos datos europeos en canto ao uso da banda larga e das velocidades ofertadas e contratadas. E a solución non pode ser impulsar novas infraestructuras con parámetros de capacidade e servizo propios do século XX.

Nós seguemos colaborando e implusando os plans de telefónica e o MITYC, os plans de R e puxemos en marcha unha experiencia piloto con 14 concellos para a introducción da tecnoloxía Wimax.

A dispersión da nosa poboación e a nosa orografía, obríganos a pensar nun novo escenario no que a integración da telefonía, a TV, e o acceso a Internet, circulando a través de Banda Larga, sexan unha realidade ao mesmo tempo que unha oportunidade.

Só unha aposta nesta dirección, que combine fibra, cabo e tecnoloxías inarámicas, nos permitirá dar o salto necesario para situarnos competitivamente.

É iste un obxectivo irrenunciable do goberno galego.

Na consecución deste obxectivo é necesario contar con un especial esforzo por parte dos operadores de Telecomunicación, non só para estender a B-Larga ao conxunto do territorio, senón tamén para incrementar a calidade e a velocidade, ao mesmo tempo que se reducen os prezos até converxer coas medias europeas. Según un estudo de xuño de 2007, da Fundación estadounidense ITIF (Information Technology and Innovation Foundation), sobre as velocidades medias de acceso a Internet en 30 países, por diante de nós están, ademais de EEUU, Xapón e Corea, a maioría dos países europeos, incluído Portugal que multiplica por 5 as nosas velocidades medias.

Outros rangos son posíbeis e confiamos en que, en breve, esta situación mellore.

Pero é certo que existen atrancos que poderían ter solución: Debería habilitarse máis espectro para o acceso inarámico a internet, especialmente na banda máis importante, a nova banda de 2,5 GHz.

Deberíase permitir/fomentar a aparición de operadores autonómicos, que podan plantear plans de inver-

sión máis reducidos e non obligar a que todas as propostas sexan de ámbito estatal.

Desde a CII, en contacto co Ministerio de Industria, e no obxectivo de avanzar nas nosas competencias no ámbito das telecomunicacións, estamos traballando nesa dirección.

No que respecta ao sector TIC e aos seus profesionais, compráceme destacar que os últimos datos provisionais (xaneiro-agosto de 2007) mostran un incremento en Galiza de máis de 2000 novos empregos con un crecemento do 18,63% desde finais de 2006.

Esta forte demanda é un reto que todos temos que asumir: as universidades e outras entidades formadoras destes profesionais para estar en sintonía coas necesidades do tecido empresarial e, a administración, para crear as condicións que permitan ás empresas seguir crecendo e atraendo profesionais do sector que, no pasado, tiveron que emigrar.

Temos moito que celebrar pero tamén moito traballo por facer. Por iso convido a todas e todos a acompañarnos neste labor e que así podamos celebrar moito máis na noite de 2008.

E para rematar, quero felicitar a todos os premiados, animalos a seguir traballando e dálles as grazas por contribuír tan exitosamente ao desenvolvemento de Galiza e, finalmente, facer públicos os meus cumprimentos para a Asociación e o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galiza pola súa labor na organización deste evento que sen dúbida reforza o prestixio moral, social e técnico que merece o colectivo galego da enxeñería das telecomunicacións. A vosa colaboración e demostrada capacidade de liderazgo convértevos nun colectivo chave para o progreso do noso país.

A todas e todos moitas grazas e boa noite.



Intervención do Enxeñeiro do ano 2007 na XII Noite Galega das Telecomunicacións

Antonio Posse Peña | director técnico da CRTVG

 Sr. Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, Sr. Secretario Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia, autoridades presentes, compañeiros, Sras. e Srs., boa noite.

Ante todo, debo manifestar o máis profundo agradecemento por esta distinción outorgada polos meus compañeiros. Tras case 26 anos de exercicio da profesión, dos que algo máis de 20 se desenvolveron na Compañía de Radiotelevisión de Galicia e as súas sociedades, a Televisión de Galicia e a Radio Galega, está distinción culmina unha etapa da miña vida profesional que chega ao final do seu percorrido, por mor dos cambios estruturais e organizativos que se están a producir na Compañía de Radiotelevisión de Galicia.

20 anos na vida da Televisión non representan moito, mais si no caso da nosa televisión, con só 22 anos de vida. Nestes anos, asistimos a un continuo proceso de renovación tecnolóxica, que se foi acelerando constantemente.

Iniciáronse as emisións case sen medios técnicos, cunha industria de apoio mínima, e moito esforzo e entusiasmo de todos os que participaron na súa posta en marcha. Non fai falla facer un grande esforzo de memoria para lembrar os inicios da casa, cun estudio de continuidade integrado coa sala de control central, cunha soa edición de magnetoscopios de 1" C e dúas edicións de

Betacam; cando todos os procesos: edición, montaxe e emisión, se facían de modo manual.

Vivimos a continua transición de tecnoloxías, e quizais algo como o magnetoscopio permita representar a vitalidade dun sector tecnolóxico como o noso, pois nese período de tempo naceron e case desapareceron moitos formatos, dende os analóxicos como o Umatic ou o formato de 1" polgada C ou o Betacam SP, que agora cumpre 20 anos, ata os diversos formatos dixitais, dende o D1 ata o D9, as distintas variantes dixitais do Betacam, o IMX e a familia DVC Pro, chegando á situación actual, na que a súa utilización, nos novos sistemas de produción, é residual.

Nestes anos asistimos a unha constante evolución marcada pola converxencia coas tecnoloxías da infor-

mación e da comunicación, TIC; con todo, a palabra clave de todo isto é a dixitalización, dixitalización que no mundo da televisión comezou hai moitos anos co sinal de vídeo e os distintos formatos soporte do mesmo, pero que alcanza pleno significado coa súa aplicación ás distintas plataformas de distribución de contidos: Televisión Dixital Terrestre, Televisión por IP, Televisión en mobilidade.... Isto, que supón unha serie de retos cara á supervivencia do modelo actual, cobra moita importancia dende o punto de vista da produción ou xeración deles, sendo o noso colectivo, de enxeñeiros de telecomunicación, un actor imprescindible nestes escenarios.

A pesar de efectuar nestes 20 anos o equivalente a catro renovacións das súas instalacións, a Televisión de



Galicia debe afrontar dun xeito ineludible o reto da transformación da súa estrutura produtiva, reto con dúas vertentes, a organizativa e a tecnolóxica. Aínda que se deron pasos importantes na área tecnolóxica nos últimos anos, coa automatización e dixitalización do estudio de continuidade e das áreas de posprodución, debe acometer a máis importante, que é a relativa as operacións dos servizos informativos e do arquivo, ademais da súa posterior integración coas áreas xa dixitalizadas.

Outro reto de gran transcendencia, que se debe acometer paulatinamente, é o da migración da actual infraestrutura de produción e de emisión, cara á Alta Definición, HD, e, se ben se están a dar os primeiros pasos nese sentido, é necesaria a planificación financeira que permita a súa acometida, pois serán os consumidores os que o esixan nun futuro non moi afastado, toda vez que poderán configurar unha televisión á carta, na que os contidos serán en Alta Definición.

As cifras reais de investimento en equipamento técnico para Televisión dende o ano 1988 ata o 2007 alcanzan un total lixeiramente superior aos 33 millóns e medio de euros, o que implica una cifra de investimento medio anual en tecnoloxía preto ao 1.700.000 euros. Estas cifras débense ver coa correspondente perspectiva, no principio deste ciclo, unha cadea completa de cámara de estudio tiña un custo arredor dos 30 millóns de pesetas das daquela, ou os 10 millóns de pesetas de custo dun magnetoscopio de 1" C con capacidade de gravación cadro a cadro, e se ben a innovación tecnolóxica permitiu un importante descenso de custos, o aumento das actividades de produción, así como a emisión de ata 4 canles 24 horas ao día, esixiu un incremento notable e constante da dotación técnica. O investimento medio anual nos tres últimos exercicios orzamentarios foi lixeiramente inferior ao millón de euros.



Non é necesario salientar a importancia dos medios de comunicación públicos, mais considero que debo solicitar, á vez que reitero o recoñecemento do labor de apoio da Xunta de Galicia, un maior esforzo e apoio para a posta en marcha destes proxectos vitais e imprescindibles para calquera medio de comunicación con vocación de supervivencia, e que desexa ter presenza nas distintas canles de distribución; e tamén prestar o mellor dos servizos posibles aos cidadáns, que son a súa razón de ser.

Por último quería manifestar o meu agradecemento aos meus pais, e en especial a miña muller Esperanza, que souberon soportar, coa súa paciencia e comprensión, a dedicación que esixiu o proxecto da televisión. Non quero esquecer tamén a un reducido e excepcional equipo que, co seu esforzo, permitiu o éxito de moitas iniciativas.

Para non facer máis longa esta intervención, quedame estender a felicitación a todos os premiados nesta Noite Galega das Telecomunicacións,

e manifestar novamente no meu nome, e no de tódolos premiados, o agradecemento pola concesión destas distincións.

Moitas grazas

Enxeñeiro Superior de Telecomunicación pola Escuela Técnica Superior de Ingenieros de Telecomunicación de la Universidad Politécnica de Madrid (1981).

Executive MBA pola Escola de Negocios de Caixanova (1990-1991, 1991-1992).

Curso de Dirección Comercial e Marketing realizado na Escola de Negocios de Caixanova de Vigo (1992).

Outra Formación: Diversos cursos sobre Televisión Vía Satélite e redes de teledistribución, Televisión dixital terrestre, Innovación e tecnoloxía na empresa.

Banco Pastor (A Coruña) (1982-1983): desenvolve a súa actividade no Centro de Proceso de Datos e no Departamento Financeiro.

Instituto de Formación Profesional A Xunqueira (Pontevedra) (1984-1985): labor docente nas materias de Arquitectura de Ordenadores, Metroloxía e Física. Participación na elaboración do programa da especialidade "Equipos de Informática".

SODIGA (Sociedad para el Desarrollo Industrial de Galicia) (Santiago de Compostela) (1985-1986): Técnico do Departamento de Promoción Industrial.

Imaxe Galega (Santiago de Compostela) - **K 2000** (Galdacano-Vizcaya), (1986-1987): Director Técnico

Televisión de Galicia - Compañía de Radiotelevisión de Galicia (1987 ~): Director de Enxeñaría de TVG, Director Técnico da CRTVG.

Intervención do Socio de Honra do ano 2007 na XII Noite Galega das Telecomunicacións

Santiago Rey Fernández-Latorre | Presidente da Corporación Voz de Galicia



Buenas noches:

Sr. Presidente de la Xunta de Galicia,

Sr. Decano,

Les voy a hacer el regalo de la brevedad. Estoy sorprendido, gratamente sorprendido, emocionadamente sorprendido y agradecidísimo a este honor que, claramente, no me merezco. Sí se lo merecen, en cambio, los hombres y mujeres de La Voz de Galicia, del departamento técnico, sin duda el mejor departamento de la prensa española que dirige con acierto D. Severino Santirso, aquí presente. Porque La Voz de Galicia ha estado

siempre, siempre, en vanguardia de la tecnología, de todo tipo de tecnología y de alguna forma también somos una empresa de telecomunicaciones. En eso estamos y en eso estaremos. Tenemos un proyecto de televisión inminente. Y tenemos una tecnología que nos permite hacer un diario que son prácticamente 16 periódicos diferentes todos los días. Este es un fenómeno atípico, absolutamente atípico en la prensa mundial, europea, y desde luego en la española, y en la gallega evidentemente.

Es un honor para mí haber recibido este premio. Es un honor que este Colegio de Ingenieros de Teleco-

municación se haya acordado de mí en un momento además histórico para mi casa como es el 125º aniversario, que se acaba dentro de unos días.

Y lo único que me resta por decirles a ustedes es que les felicito por este magnífico Colegio que ustedes tienen. Que colaboren, en la medida de lo posible, con esta tierra que nos une y que nos permita dar un paso adelante, muy firme, y muy importante para que Galicia siga siendo esa tierra maravillosa que todos deseamos.

Muchísimas gracias.



Santiago Rey Fernández-Latorre (A Coruña, 1938). Propietario e presidente da Corporación Voz de Galicia S.A., o grupo de comunicación máis importante da comunidade autónoma, no que traballa máis dun milleiro de persoas e que engloba ao xornal La Voz de Galicia, a cadea Radio Voz, a produtora Voz Audiovisual, o Instituto demoscópico Sondaxe e as sociedades de contidos dixitais, Canal Voz e Medios Dixitais de Galicia.

Licenciado en Dereito, Santiago Rey accedeu en 1963 á xerencia do rotativo La Voz de Galicia, empresa matriz da Corporación, fundado en 1882 polo seu avó Juan Fernández Latorre. Foi logo conselleiro delegado ata 1988, ano no que foi nomeado presidente. Baixo a súa dirección, o xornal, actualmente o de maior difusión de Galicia e o sexto de información xeral en España, viviu a súa grande expansión: acometeu unha total renovación técnica, superou os 100.000 exemplares de difusión diaria, creou o sistema de edicións que dá cobertura a toda Galicia e inaugurou (1992) o edificio intelixente que alberga a pranta de impresión de Sabón (Arteixo-A Coruña), Segundo os últimos datos da OJD, La Voz vende ao día unha media de 103.111 exemplares (139.970 os domingos), que len preto de 600.000 persoas.

A constante loita do editor por converter o xornal nun elemento de cohesión da sociedade e na praza pública na que exprese as súas inquedanzas, debata os seus problemas e coñeza a súa realidade, foille recoñecida cos nomeamentos de doutor honoris causa polas Universidades da Coruña (2002) e de León (2006); o de Fillo Predilecto da Coruña e da Deputación e Fillo Adoptivo de Ferrol, Ortigueira e Muxía, localidade esta última onde unha praza e a biblioteca municipal levan o seu nome, e o de Coruñés do Ano, outorgado polo Concello (1982) e pola Asociación de Veciños do Ensanche (2007). Ademais, concedéronlle as medallas de ouro de Galicia (2005), do Diario de Burgos (2007), así como as de ouro e brillantes de Caixa Galicia (2007) e da Fundación Barrié da Maza (2007). Obtivo tamén a Gran Cruz do Mérito Civil. É, ademais, Colexiado de Honra do Colexio de Economistas da Coruña (2007) e Socio de Honra da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (2007).

Seguindo esta filosofía, Santiago Rey creou no 2001 a Fundación que leva o seu nome, co fin de dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia, así como ao resto do seu grupo de empresas. Os esforzos da institución encamiñanse ao desenvolvemento de programas educativos relacionados principalmente coa comunicación, en todas as formas posibles e nos diversos niveis do ensino, incluída a formación para profesionais da comunicación ou da educación.

A actividade profesional de Santiago Rey estivo sempre vinculada ao mundo da comunicación. Do seu extenso currículo, destacan os seus cargos como presidente do Instituto Nacional de Prensa (IPI), Antena 3 Galicia, a Asociación de Editores de Diarios Españoles (AEDE) e o Grupo Cable, así como o de conselleiro de Colpisa, Antena 3 TV e Antena 3 Radio. Ademais, puxo en marcha e presidiu, desde 1987 a 1995, a empresa TESA (Taller de Editores), editora do Semanal, que se atopa á cabeza en difusión de todos os suplementos dominicais de España.

Corporación Voz

A Corporación Voz de Galicia S.A. é o grupo de comunicación máis importante da comunidade autónoma galega, con presenza en Galicia e Madrid. Está integrada por unha vintena de sociedades que operan en todos os campos da comunicación e por un persoal de mil empregados. Propiedade de Santiago Rey Fernández-Latorre, a súa empresa matriz é La Voz de Galicia, xornal de información xeral fundado en 1882 por Juan Fernández Latorre, líder en Galicia e o sexto máis lido en España.

Historia de La Voz de Galicia

A cabeceira naceu o 4 de xaneiro de 1882 da man do xornalista e político liberal Juan Fernández Latorre. Este ano cumpriu o seu 125 anos de vida. No seu primeiro editorial, o diario presentaba xa o seu manifesto de responsabilidades, que mantivo ata a actualidade: "A nosa primeira e máis ardente preocupación _sostiña_ será a de servir con todo o entusiasmo da nosa alma e con toda enerxía do noso patriotismo, os grandes e nobres e desdénados intereses desta fermosa e querida rexión galega". Comprometíase, ademais, a defender "absolutamente todos os dereitos da personalidade humana".

Desde a súa constitución en sociedade anónima mercantil (1907), La Voz de Galicia, S.A. non parou de crecer e renovarse. Cando se produciu a morte de Juan Fernández Latorre (14 de marzo de 1912) o diario tiraba 13.000 exemplares e ofrecía seis páxinas de información. En 1920, a tirada chegou aos 20.000 exemplares, grazas ao esforzo dun persoal formado por dez redactores, seis colaboradores, quince administrativos e ao redor dun centenar de persoas empregadas na imprenta e a distribución. En 1923 estreou unha rotativa Koenig, que foi substituída en 1930 por unha Winkler Fallert, que funcionaría durante tres décadas.

Desde comezos dos anos 60, La Voz viviu inmersa nun proceso de continua renovación. Dos 30.000 exemplares de entón pasou nun decenio ao dobre e chegou ao final dos 70 cunha difusión media diaria superior aos 72.000 exemplares. Este crecemento veu propiciado polo modelo de edicións, iniciado en 1953 coa apertura da delegación de Ferrol, que se converteu nunha experiencia xornalística pioneira e única en España. Actualmente, La Voz publica 14 edicións (A Coruña, Santiago, Vigo, Bergantiños, Ourense, Monforte, Lugo, Pontevedra, Arousa, Deza, Ferrol, Viveiro, Ribeira e Madrid), que elaboran máis de 100.000 páxinas de local ao ano.



ados na fotocomposición. Pouco despois xeneralizaría o uso da informática na edición de páxinas, primeiro xestionadas por un gran computador central e despois por computadores en rede.

Cando La Voz de Galicia cumpríu cen anos (1982), a súa difusión alcanzou os 73.000 exemplares, e continuaba en liña ascendente.

Grupo
de comunicación:
Corporación
Voz de Galicia

No período comprendido entre 1982 e 1992, La Voz pasou a diversificarse ata formar o grupo de comunicación que é hoxe (Corporación Voz de Galicia).

Consolidación

O artífice da expansión do xornal foi Santiago Rey Fernández-Latorre, neto do fundador, que accedeu á xerencia en 1963. Foi despois conselleiro-delegado e é desde 1988 presidente da Corporación Voz de Galicia. Baixo a súa dirección, o xornal acometeu unha total renovación técnica, superou os 100.000 exemplares de difusión diaria, creou o sistema de edicións que dá cobertura a toda Galicia e inaugurou o edificio intelixente que alberga a planta de impresión de Sabón. Esta foi inaugurada o 25 de xullo de 1992, día no que se puxeron a funcionar dúas rotativas Koenig

Á vez que se convertía no xornal de todos os galegos, La Voz iniciou unha imparable revolución tecnolóxica, que lle levou a adiantarse á maior parte da

prensa española na substitución dos tradicionais sistemas de composición en chumbo polos novos métodos base-



Intervención do Decano do COETG na XII Noite Galega das Telecomunicacións

Ramón Bermúdez de Castro Olavide

Exmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Secretario Xeral de Comunicación, Directores Xerais, queridos compañeiros asociados e colexiados, medios de comunicación e amigos todos.

Quero expresaros a todos a satisfacción da Asociación e do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia por reencontrarnos de novo, un ano máis, todos os que constituímos o universo das telecomunicacións e da sociedade da información en Galicia.

Os responsables desde o goberno galego de conducir o cambio tecnolóxico que Galicia necesita e que nos irá transformando nun país cada vez máis competitivo e moderno.

As empresas que crean as infraestruturas, os servizos, os negocios e o emprego TIC, que tecen un sector que crea valor e que abre múltiples expectativas de coñecemento e de innovación. De moitas destas empresas, algunhas patrocinadores da gala, atópase na sala unha nutrida representación.

Os profesores que forman aos mozos e crean a canteira tecnolóxica do noso país.

Os compañeiros directivos do colexio en toda España,...e en Galicia, que dedican o seu tempo a prestixiar e defender a nosa profesión.

E os enxeñeiros de telecomunicación, que cada día colaboramos na construción dun mundo máis desenvolvido cuxos límites, nos albores

do século XXI, fálannos dunha sociedade máis democrática, máis avanzada en protección e servizos, globalizada e conectada entre as persoas, as máquinas, o ocio e os negocios, con máis e mellor vida, nun horizonte ata hai pouco imaxinario.

Ao igual que en anteriores ocasións, quixemos dedicarlle esta XII edición da *Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información* a un tema de importancia clave para desenvolvemento da sociedade da información no noso país.

Este ano elegimos como tema central da nosa Noite a Banda Larga como servizo universal para todos os galegos. Trátase de que esta infraestrutura básica de transmisión global de voz e de datos chegue a todas as poboacións da nosa comunidade e facilite o acceso de todos os cidadáns independentemente do seu lugar de residencia e a un prezo razoable.

Sería pretencioso pola miña parte explicar neste foro o que a banda larga vai significar para o desenvolvemento da nosa sociedade, todos vós sabédelo ou polo menos podédelo imaxinar. Pero non por isto, e aproveitando ademais a asistencia dos máximos responsables institucionais da nosa comunidade, deixarei de facer unhas pequenas reflexións sobre a banda larga, o que para Galicia significa a sociedade da información e o papel que nós, os enxeñeiros de Telecomunicación, debemos xogar nela.



A banda larga non é só un produto tecnolóxico que leva implícita unha conexión moi rápida en continuo funcionamento, é algo máis ca isto, é unha intervención social que leva parellos unha serie de beneficios en materia de educación, cultura, saúde, seguridade, entretemento e outro tipo de oportunidades, algunhas delas aínda descoñecidas.

O acceso a esta autoestrada da información que é a Banda Larga está modificando a forma de traballar dos cidadáns, das institucións e



das empresas. Así como no seu día a mellora das infraestruturas viarias facilitaron a comunicación entre as xentes, melloraron os intercambios comerciais e contribuíron de forma fundamental ao desenvolvemento económico, o acceso á banda larga facilita novos servizos como a videoconferencia, a telemedicina, e-learning ou a administración electrónica e aporta á sociedade novas oportunidades ata agora inimaxinables.

Co despregue desta tecnoloxía no territorio galego, tal como escoitamos aquí esta noite, a nova autoestrada da información establece un marco de igualdade de oportunidades, facilita a información e a formación e permite a prestación de servizos avanzados.

Para as nosas empresas modifica a forma de facer negocios ao facelas participar nun mundo global coa conseguinte aparición de novas oportunidades de negocio, a estimulación de novos sectores e, en xeral, a creación de riqueza, todo nun novo contorno económico baseado no desenvolvemento e no coñecemento.

Pero non podemos crer que, polo feito de estar conectados físicamente a esta infraestrutura de telecomunicación, a nosa sociedade saltara automaticamente á sociedade da información. Non. A autoestrada estará construída, pero haberá que amosarlles aos cidadáns a súa utilidade para así movealos a circular por ela.

Todos os estudos que sobre utilización de internet existen, poñen de manifesto a inexistencia dunha correlación entre a capacidade de acceso á Rede e o seu grao de utilización. En efecto, a dispoñibilidade da banda larga é unha condición necesaria pero non suficiente para o desenvolvemento da sociedade da información. A sociedade da información non precisa só políticas de fomento de acceso a Internet, senón tamén políticas de fomento do seu uso.

O problema da fenda dixital que sofre a nosa comunidade, non acaba co acceso a Internet de todos os cidadáns. Deberán implementarse políticas de fomento do uso da Rede por parte das institucións, as empre-

sas e os cidadáns a base de programas de educación no uso destas, o fomento de servizos atractivos e de utilidade para a cidadanía en áreas tales como a administración electrónica, a telemedicina, a educación ou o entretemento por poñer algúns exemplos e cunha política que garantice o acceso a equipos e servizos aos estratos máis desfavorecidos da nosa sociedade. Só así o despregue destas infraestruturas terá unha influencia positiva na transformación social que todos agardamos.

A banda larga haberá de converterse no teléfono do século XXI no que a aceptación social e utilización se refire.

Estas políticas de fomento do uso da rede requirirán un esforzo importante por parte de todos os aquí representados. Goberno, Universidades e empresas deberán xogar un papel importante para facerlles ver aos cidadáns a utilidade destes novos servizos.

Para todo isto necesitaranse persoas capacitadas e cunha visión clara destas tecnoloxías.

Considero que nesta sala están moitas delas. O noso colectivo de Enxeñeiros de Telecomunicación que cada día colabora na construción dun mundo densenvolvido baseado nas TIC esixe un papel na sociedade da información en Galicia. Xa o denunciei en repetidas ocasións e hoxe vólvoa facer.

Ainda que é de xustiza resaltar que o Colexio e a Asociación están recibindo un gran apoio da actual administración galega, tanto da Consellería de Innovación e Industria como da Secretaría Xeral de Comunicación, tamén e certo que de momento non vemos aos nosos colexiados ocupando postos de responsabilidade na Administración galega e creo que sería prudente, ademais de necesario, que ésta se nutra duns profesionais tan cualificados como os que compoñen o noso colectivo para titelar ese cambio tecnolóxico de tan vital importancia para a nosa sociedade.

Pídlle de novo aos responsables do noso goberno aquí presentes que lle dean prioridade ao desenvolvemento do sector TIC, incentivando a implantación de empresas, fomentando o uso das TIC en todos os ámbitos da sociedade galega e nutrindo aos distintos departamentos da Administración galega de persoal experto en tecnoloxías da información e das telecomunicacións, profesionais que sexan capaces de liderar ese cambio tecnolóxico que tanto necesita o noso país.

Animo tamén ás empresas a que centren a súa capacidade innovadora en desenvolver produtos e servizos que fagan da rede un universo atractivo para todos.

Por último, ánimovos a todos vós, queridos compañeiros, a que traballedes duro para que os vosos coñecementos sirvan para que Galicia dea ese salto tecnolóxico que a nosa sociedade tanto precisa.

Grazas a todos por acompañarnos nesta Noite. Grazas a todas as autoridades. Grazas a todas as empresas patrocinadoras do evento, que posibilitaron, coa súa colaboración e apoio, a celebración desta XII edición da *Noite*.

Permítaseme finalizar a miña intervención coa máis cálida felicitación, no meu nome e no das xuntas de goberno e directiva do Colexio e da Asociación, a todos os premiados:

- a Imatia Innovation, Premio á Mellor Iniciativa Empresarial TIC, patrocinado pola Fundación Inxeniero Gerardo García Campos.

- á Sociedad Tecnocoid, polo seu sistema SIMAP, Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais.

- a Arantia, polo seu proxecto Arantia TV, Premio á Mellor Aplicación TIC.

- ao Socio de Honra 2007, D. Santiago Rey Fernández-Latorre, presidente da Corporación Voz de Galicia e editor de La Voz de Galicia.

- ao Enxeñeiro do Ano 2007, D. Antonio Posse Peña, director da división técnica da Compañía Radio-Televisión de Galicia.



Intervención do presidente da Xunta de Galicia na XII Noite Galega das Telecomunicacións

Emilio Pérez Touriño

Sr. Decano do colexio oficial de enxeñeiros de Galicia

Sr. Secretario xeral de comunicación

Sra. Directora xeral de promoción industrial e da sociedade da información

Sra. Presidenta da fundación Enxeñeiro Gerardo García Campos

Sr Director xeral de Comunicación Audiovisual, Benqueridos galardoados cos premios Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2007

Señoras e señores

Sirvan as miñas primeiras palabras para transmitir as felicitacións a todos os galardoados. As empresas e profesionais distinguidos este ano compoñen, sen dúbida algunha, unha cualificada mostra do compromiso que Galicia mantén co desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento.

Imatia ilustra a iniciativa do noso sector empresarial.

A sociedade *Tecnocoid* demostra que se pode facer innovación sen deixar de lado o compromiso social. *Arantia* representa un magnífico exemplo da aplicación do coñecemento ao desenvolvemento de aplicacións tecnolóxicas punteiras.

Antonio Posse é un modelo de capacidade de traballo e de implicación profesional no desenvolvemento das telecomunicacións en Galicia.



E, cómo non, o meu amigo *Santiago Rey Fernández Latorre*, que soubo impulsar a modernización dun medio de comunicación tradicional como *La Voz de Galicia*, transformar a empresa sen rebaixar o seu insubornable compromiso con Galicia, e afrontar con decisión, e con clara perspectiva de futuro, o desafío tecnolóxico.

La Voz de Galicia, sábeno ben todos vostedes, é unha desas escollidas institucións que vertebran o noso país. Na súa hemeroteca figuran as actas notariais que dan fe dos últimos 125 anos da nosa historia colectiva.

Pero a propia evolución da empresa, a súa constante adaptación á orografía da historia, exemplifica a viaxe de Galicia a través de boa parte da idade contemporánea, desde aquel país labrego e mariñeiro de 1882 ata esta Galicia de hoxe que pugna por incorporarse, porque ten fame de futuro, ao mapa da sociedade do coñecemento.

Entre o conxunto de factores estratéxicos que os expertos identifican como determinantes para o desenvolvemento rexional, a implantación das Tecnoloxías da Información e da Comunicación son, sen dúbida



algunha, un dos elementos máis relevantes para garantir o progreso e a cohesión territorial.

Estas tecnoloxías permiten actuar con eficacia nos mercados globalizados, integrar os tecidos produtivos no ámbito local locais, incrementar o benestar e desenvolver estruturas sociais máis participativas. Por iso, as TIC constitúen o elemento tractor fundamental do avance tecnolóxico e, en definitiva, da mellora da calidade de vida.

No que se refire ao desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicación, Galicia está a vivir un momento crucial como en tantos campos da nosa vida. Con moi escasa marxe de tempo, deberá dar resposta a desafíos urxentes como a implantación xeneralizada da televisión dixital, a extensión da banda ampla a todos os fogares e a mellora da cobertura de telefonía móbil.

Esas tarefas, para ser coroadas polo éxito, requiren un esforzo decidido das Administracións Públicas, pero tamén das empresas do sector e de todos vostedes, os profesionais que teñen o cometido de converter os seus coñecementos e a súa experiencia en novas vías de intercomunicación da cidadanía galega.

Como ben saben, o ano 2010 producirase o chamado “apagón analóxico”. Nese momento, todas as infraestruturas dispoñibles en Galicia para a difusión dos sinais de televisión deberán mudar á tecnoloxía dixital.

Trátase dun esforzo de despregue de infraestruturas que leva parello un traballo de planificación radioelétrica e de comunicación social dunha gran complexidade.

Nun prazo duns poucos anos, tres practicamente, estamos a desbotar unhas infraestruturas de comunica-

ción analóxicas que levou máis de vinte anos desenvolver, para substituílas agora por novos equipamentos dixitais.

Isto supón un compromiso económico, técnico e loxístico de grande magnitude que xa estamos a levar a cabo, por qué non dicilo, dun xeito pioneiro en relación co resto de España.

Trátase dunha iniciativa que require a colaboración de todos. Do Goberno que presido, dos operadores de telecomunicación públicos e privados, dos fabricantes, dos profesionais, das entidades locais, das televisións...

Trátase dun proxecto que vai poñer a proba a capacidade de traballo e o nivel de compromiso de todos os axentes implicados, capacidades que de seguro van a estar á altura do reto a afrontar.

Neste punto, gustárame subliñar a importancia da concienciación cidadá, tamén tarefa conxunta de todos os axentes.

Para a cidadanía, é doado facer o seguimento doutras iniciativas de despregue de infraestruturas públicas como as estradas, ou en xeral, de calquera actuación que ten un impacto determinante na epidermes do noso territorio.

Sen embargo, como o labor dos enxeñeiros de telecomunicación se desenvolve baixo terra ou nos cumios dos montes máis afastados, e como traballades con ondas electromagnéticas que o resto dos mortais non podemos ver, ás veces a vosa dedicación non é recoñecida pola sociedade de xeito inmediato.

Xa que logo, debemos saber transmitirle ao cidadán a transcendencia dun traballo que non vai ser doado rendabilizar socialmente ata a culminación dos diferentes procesos de dixitalización.

Pola nosa parte, estamos a asumir este reto con seriedade e compromiso, cunha serie de medidas orixinais, pioneiras no conxunto do territorio español.

Xa hai dous anos que constituímos un grupo técnico de traballo onde están representados a Administración, os fabricantes de equipamento, os instaladores, os operadores, os concellos e, como non podía ser doutra maneira, os profesionais das telecomunicacións.

Este grupo de traballo foi o xermolo dunha iniciativa que teño o pracer de anunciar hoxe aquí: o inminente despregue dunha oficina de seguimento da implantación da TDT, cunha dotación humana e material axeitada para dar resposta inmediata aos retos da transición á tecnoloxía dixital, cunha carta de servizos deseñada de acordo coas necesidades que vostedes mesmos nos fixeron chegar, e que esperamos supoña



un elemento de importancia para a culminación deste proceso.

Dicía antes que desde Galicia temos desenvolvido unha serie de iniciativas pioneiras froito do traballo conxunto destes dous últimos anos.

Ademais da oficina que acabo de describir, vostedes deseñaron o modelo de proxecto técnico para garantir a cobertura en núcleos rurais illados –aparells que os galegos bautizamos como encheocos–, que está a ser utilizado como referencia por outras administracións.

Deseñamos unha liña de apoio aos concellos que persigue, por unha banda, facilitar o despregue das pequenas coberturas no eido municipal, e, por outra, crear unha cultura da excelencia nos concellos da nosa terra en canto se refire ao desenvolvemento de proxectos de telecomunicación.

O operador público *Retegal* chegou a un acordo estratéxico co operador *Abertis Telecom* para garantir unha cobertura das televisións públicas estatais ao nivel das rexións máis

avanzadas, acordo que de seguro será o xermolo para actuacións máis ambiciosas cos operadores privados. E todos conseguiremos que o plan piloto de transición que se está a desenvolver na Fonsagrada sexa un éxito a finais do primeiro trimestre do 2008.

Por certo: este modelo de traballo xa está a ter un impacto positivo na súa profesión, xa que os concellos están a asumir de xeito natural a necesidade dun proxecto técnico realizado por un enxeñeiro de telecomunicación, e a recoñecer o labor do colexio profesional como garante da excelencia dos proxectos realizados.

Este proceso de transición vai parello ao despregue de máis de corenta novos operadores de televisión dixital terrestre de titularidade privada na Comunidade Autónoma de Galicia, dous deles de ámbito autonómico.

Esta situación permítanme que faga a reflexión, vai mudar de xeito radical o panorama dos medios audiovisuais no noso país, multiplicando as

fontes de información e entretemento a disposición da cidadanía galega, incrementando as posibilidades de negocio das empresas do sector TIC, e estendendo os campos de traballo dos nosos profesionais.

A tecnoloxía dixital vai contribuír de xeito determinante á viabilidade das pequenas empresas galegas do sector, ao teren a flexibilidade e a capacidade para ofrecer servizos adaptados ás estratexias de negocio dese gran abano de novos operadores.

A aparición de novos medios de comunicación audiovisuais tamén vai ter un impacto importante no sector audiovisual galego, que é sen dúbida un dos sectores estratéxicos para nós.

Estes novos medios deberán cumprir uns compromisos de emisión en galego e produción independente que farán necesario o desenvolvemento de novos produtos audiovisuais para esas novas grellas de programación, o que fomentará sen dúbida a capacidade creativa e industrial do noso audiovisual.

Por outra banda, e se temos en conta a necesidade de contidos para as novas plataformas de difusión, fundamentalmente os móbiles e Internet, asistimos a unha maridaxe cada vez máis intensa entre o eido da creación audiovisual e o das novas tecnoloxías.

A nova situación dálle actualidade e un sentido totalmente novo, dun xeito sorprendente polo inesperado, á famosa frase de *McLuhan* de que “o medio é a mensaxe, ou a canle é a mensaxe”, ao mesturarse a tecnoloxía que configura o medio e os contidos que definen á mensaxe nun todo con natureza propia, do cal o receptor é á vez creador e consumidor.

O proceso de transición á televisión dixital vai parello a outro gran proceso que foi obxecto de exposición e análise nas diferentes intervencións previas empezando pola da propia directora xeral que é totalmente

comparable ao que citamos no que respecta á súa repercusión na sociedade galega no nivel de recursos que está a mobilizar e no esforzo que vai esixir de todos nós.

Como saben dicía a directora xeral responsable da Sociedade da Información o Goberno ten elaborado un plan estratéxico da sociedade da información 2007-2010. Nel tratamos de marcar a folia de ruta que nos implica e que nos debe facer corresponsales a todos de alcanzar os obxectivos que se marcan. Máis de 800 millóns de euros a disposición dese plan que está en plena implementación como ben explicaba a directora xeral de Sociedade da Información.

Si me gustaría subliñar que esa xeralización da banda ampla e máis especificamente no medio rural é un dos grandes desafíos que temos como país. O resumía o decano do colexio na súa intervención de peche. Estamos diante dunha ferramenta clave, estratéxica dese desafío que resumimos sempre como a incorporación plena á sociedade do coñecemento, cargada de futuro, de posibilidades, de equilibrio social e de benestar.

Me gustaría sinalar para concluír que outra vez, a colaboración de todos os que estamos implicados neste proceso é clave para garantir o éxito final. Ao igual que ocorre co caso da televisión dixital, todos os instrumentos de que dispoñemos para garantir que toda a cidadanía de Galicia teña un acceso dunha calidade razoable nun horizonte inmediato a uns servizos necesarios para toda sociedade avanzada, fundamentalmente os recursos humanos e materiais están despregándose dende a iniciativa da Consellería de Industria e do operador público *Retegal S.A.*, están ao servizo desta iniciativa.

De seguro que entre todos conseguiremos superar unha fenda dixital

que en Galicia aínda está presente en demasiados frontes: entre os nosos sectores produtivos, entre os nosos territorios, e entre o noso país e as rexións máis avanzadas do noso entorno. Estamos decididos e teño a confianza certa de que o vamos conseguir e estamos traballando entre todos na dirección axeitada.

Quero rematar esta intervención transmitíndolle as miñas felicitacións renovadas ao Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación, á Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, e a todos os profesionais deste apaixonante sector.

Aproveito tamén para reiterar os meus parabéns a todos os galardoados neste magnífico evento.

A Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información naceu co obxectivo de converterse na referencia básica do sector en Galicia. Coido que non é aventurado dicir que o obxectivo está cumprido.

Moitas grazas.



Premio Gerardo García Campos á Mellor Iniciativa Empresarial TIC

Imatia Innovation S.L.



A empresa

Imatia é unha empresa tecnolóxica con vocación internacional. A súa actividade céntrase nas tecnoloxías para o desenvolvemento rápido de sistemas de información. A empresa foi constituída a mediados de 2005 e actualmente conta cun plantel de 40 persoas (a maioría Enxeñeiros Superiores). O equipo directivo está formado por Fernando Vázquez, Alejandro Ricart, Miguel Amor, Eduardo Carmena, David Goyanes, Antonio García e Warwick Longman.

Orixes universitarias

Imatia é unha das primeiras “*spin-off*” xurxidas da Universidade de Vigo, concretamente dun dos grupos de I+D máis activos no que se refire á colaboración empresa-universidade, liderado por Fernando Vázquez, Doutor Enxeñeiro de Telecomunicación.

Este fenómeno das *spin-off* universitarias é unha fórmula ben coñecida a nivel mundial con exemplos tan famosos como Silicon Valley (xurdida da iniciativa de Stanford de 1945), pero que en España non

se contempla oficialmente ata o 2001. A pesar da escasa traxectoria deste tipo de empresas en Galicia, as que xurdiron están demostrando a súa capacidade para xerar emprego tecnolóxico, a súa gran capacidade para a I+D+i e a súa proxección internacional.

A actividade

Este grupo de I+D leva traballando desde comezos dos anos 90 en conceptos relativos aos patróns de deseño e os frameworks, téndoos aplicado a campos como a visión artificial, a robótica móbil e á creación de



interfaces multimedia para máquinas expendedoras e videoxogos. No ano 2000, plantexouse que estas mesmas ideas poderían ser doadamente aplicables ao campo do desenvolvemento de sistemas de información, actualmente un mercado a nivel mundial de 300.000 M\$ e para o cal se estima unha demanda non satisfeita duns 135.000 M\$. O que observaron é que aínda que os grandes fabricantes de software estaban creando os seus propios frameworks, a maior parte das empresas (especialmente as PEMES) estaban utilizando linguaxes e ferramentas de propósito xeral, moito menos produtivas.

O problema radica en que estas PEMES non dispoñen da economía de escala necesaria para abordar o esforzo de I+D requerido para poder dispoñer do seu propio framework, especialmente porque o contorno tecnolóxico é extremadamente cambiante. Así mesmo, algunhas solucións existentes no mercado tiñan un custo de licencia excesivo porque

estaban orientadas á grande empresa, eran demasiado propietarias ou non eran suficientemente flexibles.

De aí xorde a idea de crear unha empresa que se dedique ás actividades de I+D necesarias para crear estas tecnoloxías e poñelas a disposición doutras empresas para que éstas poidan concentrarse en desenvolver os seus propios produtos e servizos. Trátase dun “outsourcing de I+D”, similar ao que realizan as empresas do sector do automóbil ou da electrónica de consumo.

O resultado é Otimize, un “framework” que facilita o desenvolvemento e mantemento de sistemas de información. Imatia pon esta tecnoloxía a disposición dos seus aliados, xeralmente empresas de consultoría, integradores ou fabricantes de software de tamaño medio. Trátase polo xeral de empresas que prefiren concentrar os seus esforzos en aspectos comerciais e no coñecemento das necesidades dos seus clientes, máis que no desenvolvemento de tecnoloxías de base. Estes aliados valoran o aumento de produtividade que lles ofrece esta tecnoloxía, pero especialmente o feito de dispoñer dun aliado tecnolóxico que os apoie nas súas actividades de I+D+i.

Tamén dispón dunha serie de solucións baseadas en Otimize dirixi-


das ás empresas e administracións públicas. Neste sentido, o obxectivo de Imatia no é comercializalas directamente aos clientes finais, senón que sirvan de base para que os seus aliados poidan adaptalas ás necesidades concretas dos sectores aos cales se dirixen, sen ter que partir de cero.

Crecemento

Imatia agarda pechar o ano 2007 ao redor de 1,5 M€ de ingresos e uns 250.000 € de beneficios. Para o 2010 espera acadar os 5 M€ cun plantel de 70 persoas. Este crecemento débese en parte á boa aceptación que ten Otimize, pero especialmente a un modelo de alianzas que resulta moi atractivo e beneficioso para as empresas que deciden colaborar con Imatia.


Internacionalización

A finais de 2006, Imatia iniciou o seu proceso de internacionalización, proceso que xa deu os seus froitos en 2007, establecendo alianzas e abordando proxectos en Reino Unido, Bélxica e Holanda. Así mesmo, a empresa estableceu contactos preliminares en Alemaña, Italia, Suecia, Noruega, Francia e Estados Unidos.



Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais

Sociedade Tecnocoid



1 Empresa:

TECNOCID é unha compañía participada polas Empresas Tecnolóxicas Galegas Arteixo Telecom, S.A. e Level Telecom, S.L. A Empresa nace co obxectivo de ofrecer solucións de Localización Persoal aplicadas á contorna Socio-Sanitario, Colectivos Vulnerables ou de Risco, e tamén a Colectivos Sectoriais nos que, ben por motivos de seguridade ou de rendibilidade, é necesario localizar a persoas.

En Tecnocoid entendemos que é necesario pór as novas tecnoloxías a disposición da sociedade en xeral de tal xeito que, a súa utilización de forma racional, supoña unha mellora na calidade de vida das persoas. E aínda con maior razón en colectivos desfavorecidos, xa que a súa aplica-

ción pode supór o superar moitas barreiras sociais e contribuír a dar tranquilidade e seguridade, tanto aos enfermos como aos seus familiares ou coidadores.

2 Actividade:

A actividade empresarial de Tecnocoid está dirixida á localización persoal, podéndose diferenciar dous tipos:

a. A orientación a colectivos sociais vulnerables (o que denominamos Localización Social), é dicir, persoas afectadas polo mal de Alzheimer, persoas maltratadas ou vítimas de violencia de xénero, persoas con algún tipo de discapacidade e persoas maiores en xeral.

b. E tamén colectivos sectoriais como seguridade privada, distribución, redes comerciais, de instalacións, etc?

3 Antecedentes:

A Unión Temporal de Empresas Arteixo Telecom, S.A.-Level Telecom, S.L. UTE, desenvolveu no 2004 a Plataforma Tecnolóxica de Localización Persoal SIMAP (Sistema Intelixente de Monitorización de Alertas Persoais). Trátase dunha solución que dá resposta a calquera tipo de necesidade na que sexa importante coñecer a localización xeográfica das persoas.

Desde principios de 2004 e ata finais do 2006, a UTE dá servizo a través de SIMAP a preto de 100 persoas afectadas do mal de alzheimer en



Galicia, a través dun Proxecto coa Consellería de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia, e con excelentes resultados (100% de persoas localizadas; 0% de incidentes). Este Proxecto constitúe un referente a nivel nacional. A experiencia adquirida pola UTE, conxuntamente coa evolución tecnolóxica da Plataforma SIMAP, e a aposta de ambas as compañías por esta liña de actividade, dá lugar á constitución de Tecnocoid.


4. Proxectos Actuais:

As Entidades Tecnocoid, Cruz Vermella Española (CRE) e Vodafone España (VF), pon en marcha a mediados do 2007 un Servizo de Localización a nivel nacional, que combina a Plataforma Tecnolóxica de Localización Persoal SIMAP, o servizo de prestación social e atención telefónica 24 horas de CRE, e o servizo de datos en mobilidade prestado por VF.

O devandito Servizo ofrece Localización, Alertas e Prestación Social a familiares ou cuidadores de persoas con demencia leve-moderada. Estas portan un dispositivo de localización GPS deseñado ao efecto e cunhas funcionalidades avanzadas, que lle diferencian do resto de dispositivos existentes no mercado. O obxectivo é achegar unha solución a unha necesidade, contribuíndo de

igual xeito a dar tranquilidade e calidade de vida aos seus afectados e familiares

De forma resumida, o Servizo funciona da seguinte forma: cando un familiar ou cuidador dunha persoa con demencia quere saber onde se atopa ésta, pode chamar ao contact-center 24H de CRE, onde un asistente social diralle a posición xeográfica e o protocolo a seguir para a súa localización. Así mesmo, e a efectos de consulta, tamén é posible coñecer a localización xeográfica a través dunha mensaxe curta SMS, mensaxe multimedia MMS ou a través da páxina web do servizo www.simap-global.com.



O Sistema dispón de alertas no caso en que un usuario abandone un área configurada como segura, entre nunha área catalogada como perigosa, se exceda unha determinada velocidade, ou se a batería do localizador está próxima a esgotarse.

O custo do equipo configúrase cunha cantidade fixa desglosada en dous conceptos (custo do equipo recuperable-custo de alta do servizo) e un custo mensual de mantemento.

O establecemento da alianza estratéxica con CRE e VF, fai que SIMAP sexa o mellor servizo que conxuga localización persoal e prestación social.

5. Outros Proxectos:

No que se refire a outros Proxectos nos que traballa Tecnocoid podemos avanzar que, no ámbito asistencial, a nosa política é potenciar e estender o proxecto con Cruz Vermella Española e Vodafone España, así como establecer outras liñas de colaboración con Organismos ou Fundacións e Entidades Sociais onde o noso sistema de localización persoal SIMAP poida achegar un alto valor engadido. E no que se refire ao ámbito sectorial, dirixírmolos a nichos de mercado xa identificados como potenciais e estratéxicos onde a localización de persoas é importante, tanto desde o punto de vista económico como social.

Premio á Mellor Aplicación TIC

Arantia 2010

Arantia TV, unha plataforma global para a distribución de servizos IPTV

Arantia nace coa visión de crear tecnoloxía para liderar a **converxencia da Televisión Dixital, Internet, e o acceso a contidos baixo demanda e servizos interactivos**, mediante a investigación e o desenvolvemento de novas aplicacións, produtos e servizos multimedia e audiovisuais con tecnoloxía IP.

Vivimos nos nosos días unha verdadeira **revolución do mercado de entretemento en todo o mundo**. A chegada da TDT, con máis canles e maior calidade de imaxe e son, e a aparición de solucións tecnolóxicas de última xeración, como a IPTV, marcaron un antes e un despois na forma de entender a televisión.

O usuario deixou de ser un suxeito completamente pasivo, para pasar a tomar parte na definición da súa propia grella televisiva. Todo isto é posible grazas ao desenvolvemento de solucións de servizos interactivos, que permiten non só programar contidos, senón tamén ofrecer todo un catálogo de servizos baixo demanda. **O usuario decide que é o que quere ver e cando o quere ver sen limitación.**

Concepción dunha plataforma tecnolóxica para a converxencia

Arantia apostou neste marco polo desenvolvemento dunha **plataforma completa de televisión interactiva** IPTV, incluíndo todos os elementos hardware e software necesarios para



ofrecer un nova experiencia de entretemento ao usuario independentemente de onde se atope.

A solución foi concibida ademais o suficientemente aberta e flexible, como para que sexa potencialmente aplicable a diferentes sectores e mercados, onde destacan o sector Hospitality, as empresas, as administracións públicas e os operadores de telecomunicación, onde unha solución con estas características permite incrementar a oferta de servizos, e con iso os ingresos, ademais de permitir reducir en gran medida o *churn rate*.

Conscientes de que a tecnoloxía IP ofrece un novo marco que fai posible reinventar a relación que existe entre o usuario e o contido, o proxecto fixo posible o desenvolvemento dunha plataforma de servizos IP que integra de xeito global, todas as aplicacións potencialmente demandadas por usuarios residenciais e de negocios en diferentes tipoloxías de instalacións.

Middleware

Equipamento para a distribución de servizos e interfaces ao usuario final do sistema, ofrecendo diferentes opcións con servizos básicos e avanzados, totalmente aberto e escalable, e compatible con diferentes tipos de acceso condicional, STB, VOD e sistemas de xestión.

VOD Server

Plataforma de distribución de vídeo baixo demanda de alta capacidade con tecnoloxía propia, robusto, escalable e con capacidade de distribuír servizos de vídeo MPEG2 e MPEG4 en diferentes tipoloxías de instalacións.

EPG Generator

Elemento do sistema que permite a captura de toda a información dos servizos que presentan as diversas canles terrestres e de satélite para a súa posterior integración, xunto coa información de servizos programados e VOD, nos sistemas de xestión, facilitándolle o acceso ao usuario á programación e ás gravacións (PVR).

Network Management System

Ferramenta que permite monitorizar remotamente todos os elementos da rede, incluíndo a plataforma de distribución de vídeo (VOD), middleware e STB's, integrando ademais a xestión remota para resolución de incidencias e actualización de versións.

Interfaces de xestión de sistemas externos

Este conxunto de aplicacións xera un API para a integración con diferentes sistemas externos, incluíndo sistemas de provisión de servizos e facturación, xestión de rede, control do televisor, sistemas domóticos EIB e Lonworks, entre outros.

Xestión de contidos e metadatos

Esta ferramenta permite a transcodificación dos contidos proporcionados polas produtoras e distribuidoras que serán presentados no sistema, a carga e actualización nas diferentes instalacións, e a xestión da información de metadatos para a súa presentación nos interfaces de usuario.

Ferramentas de administración

Esta aplicación desenvólvese para cubrir certos aspectos operativos en cada instalación, dando acceso ao usuario do sistema á xestión de facturación, provisión, incidencias.

Unha nova experiencia de entretemento dixital

Arantia TV integra unha solución global de servizos dixitais de información, lecer e entretemento, control e comunicacións, ofrecendo ademais ao operador do sistema novas ferramentas de publicidade e promoción a través da TV.

Arantia TV supón **unha nova forma de ver televisión** onde o usuario decide o que quere ver e cando o quere ver, grazas á combinación de



Con Arantia TV a experiencia do usuario fronte ao televisor pasará a ter outro significado. Poderá gozar do seu tempo libre, relaxarse, informarse, entreterse. Arantia TV transportaralle a unha gran sala de cine dixital onde rir, chorar, sentir e descubrir todo un mundo de novas sensacións ao instante

servizos en directo (LIVE), servizos programados (SCHEDULED) e servizos totalmente interactivos baixo demanda (VOD), podendo desta forma dar resposta ás necesidades do usuario cun abano de servizos desenvolvidos a medida de cada proxecto de implantación, Vídeo On Demand, gravación e programación de eventos para o seu posterior visionado baixo demanda (PVR), a descarga de contidos musicais, a integración das canles tradicionais nun único interfaz de fácil manexo e o acceso a Internet sen limitación a través do televisor, entre outros.

Videoclube

Ofrece un catálogo de películas coas últimas novidades dos mellores

estudios clasificadas en varios xéneros. Con calidade DVD e 100% interactivo, permitíndolle pausar e continuar o visionado en calquera momento.

Música

Ofrece unha selección de contidos de música clasificados en varios xéneros podendo escoitalos a través da televisión.

Canles de TDT e Satélite

Integra unha potente oferta de canles de TDT e satélite a medida en IP, ofrecendo novas posibilidades de selección, acceso á grella televisiva

e integración total con todos os servizos dixitais de entretemento da plataforma.

Mensaxería

Creación dunha canle de comunicación entre usuarios e co operador do sistema para o envío e recepción de mensaxes desde a TV.

Internet

Permite acceder a Internet a través da TV para consultar unha web ou o correo electrónico.

Novas

Acceso a novas e canles de información en liña, permitindo acceder a canles RSS coas noticias de actualidade dalgúns dos xornais de maior tirada nacional e internacional.

Promoción e Publicidade

Integra unha canle de televisión propia con información dinámica e contidos multimedia, dotando ao operador do sistema de todas as ferramentas necesarias para a inxesta, transcodificación, programación e distribución a todos os usuarios da rede.

Domótica e Control

Permite controlar desde o televisor todos os dispositivos domóticos que se desexe, aire acondicionado, luces, persianas, todo iso mediante os interfaces necesarios cos sistemas domóticos imprantados.

Servizos a medida

Arantia TV ofrece ademais a posibilidade de desenvolver un catálogo de servizos a medida en función da natureza do proxecto (operador, empresas, hospitality) para a súa goce por parte do usuario diante da televisión, xogos, tenda (T-shopping), xogos, servizos internos, expertador, reserva de instalacións...

O lanzamento da marca Arantia TV implicou non só o desenvolvemento do hardware e software da plataforma, senón de toda a infraestrutura necesaria para a prestación do servizo aos operadores do sistema, desde a fabricación do produto, a instalación e posta en marcha das instalacións, a actualización de contidos e o soporte e servizos a usuarios.

Desenvolvemento dun modelo de negocio para a prestación de servizos interactivos baixo demanda

No seu afán por prestar o servizo aos operadores finais do sistema, Arantia completou o desenvolvemento da plataforma de servizos IP, coa creación de toda a infraestrutura e procesos necesarios para despregar os seus servizos VOD en calquera lugar do mundo con garantías.

Unha parte fundamental reside en todos os procesos de inxesta de contidos desde os provedores, a súa transcodificación e carga de metadatos, e a súa posterior actualización a todas as cabeceiras, o cal realízase de forma totalmente automatizada a través de Internet.

Outra das partes esenciais radica en lograr a excelencia no servizo aos usuarios finais do sistema, garantindo a máxima calidade nas instalacións, e o soporte inmediato no caso de que sexa necesaria unha intervención a nivel local. Para cubrir este aspecto Arantia creou un centro de servizos e soporte centralizado, denominado Service Center, desde onde se resolve calquera dúbida, consulta ou incidencia que poida xurdir na operación dos sistemas instalados.

Arantia dispón ademais dunha rede de instalación e soporte internacional, formada por empresas con ampla experiencia, e coas que Arantia mantén unha estreita relación, grazas ao uso de sistemas de información especificamente desenvolvidos para tal fin, en aspectos tan fundamentais como a formación e os procesos de instalación e mantemento.

A concepción dun servizo completamente diferenciador implicou ademais que a compañía dera un paso máis, dotando a esta plataforma de Televisión Dixital Interactiva dunha nova oferta de contidos dixitais, alcanzando para iso acordos estratégicos moi relevantes con empresas distribuidoras de gran importancia no noso país.



A urxente necesidade de innovar: un reto para a economía galega

Joaquín Lameiro | Director de IBM en Galicia, Asturias e León

Vivimos un tempo cheo de retos, desafíos, incertidumes e desequilibrios de todo tipo que nos obrigan a todas as empresas a reaccionar e a atopar novas respostas, a buscar novos camiños para mellorar a rendabilidade e eficiencia dos procesos de negocio. Estes desafíos son comúns a todos os sectores económicos. Os desafíos da economía do século XXI están asociados a unha exacerbada competitividade e á globalización, un fenómeno que temos que ver como un camiño de dous sentidos. É un desafío, e ao mesmo tempo é unha oportunidade.

Neste contexto, e para aproveitar esas oportunidades que nos ofrece a economía global, é bastante natural que calquera empresa do mundo queira mellorar, superarse a sí mesma incrementando a súa rendabilidade e diferenciándose fronte aos seus competidores. Para conseguir estes obxectivos, sen embargo, xa non é suficiente con facer as cousas ben, axustando os custos e lanzando novos produtos e servizos. É necesario facer as cousas excepcionalmente ben, facer cousas novas e atopar novos métodos, novos procesos e novos modelos de negocio que permitan gañar eficacia, rendabilidade e competitividade.

É dicir, é necesario innovar.

E innovar significa en parte inventar ou crear novos produtos. Pero ante todo significa transformar os procesos de negocio das organizacións e mesmo transformar todo o modelo empresarial.

Desgraciadamente, en España levamos retraso no tren da innovación.



O informe anual da Fundación COTEC do ano 2007 revela que tres cuartas partes das empresas de servizos españolas non iniciaron ningún proceso innovador. Incluso entre as empresas industriais, a porcentaxe de empresas “non innovadoras” é superior ao 60%, e iso que o sector industrial é o que atrae máis investimentos en I+D. Esas porcentaxes mantéñense en niveis similares ano tras ano.

A situación das empresas galegas non é diferente á do resto de España. De feito, en case todos os indicadores do que se deu en chamar “a Nova Economía”, Galicia queda lixeiramente por debaixo da media española. Así, o investimento en I+D na comunidade atópase arredor do 0,9% do PIB rexional, mentres que no conxunto de España é de aproximadamente o 1,1%.

Hai outros datos que tampouco animan ao optimismo. Por exemplo, en número de patentes solicitadas por millón de habitantes, o dato de Galicia é 46,7 mentres que a media española é de 68,5.

Como dato máis positivo, sen embargo, podemos destacar que o gasto en innovación realizado polas empresas é do 1,48% do PIB galego, moi próximo á media nacional. Isto indica, polo menos, que existe en Galicia –no seu tecido empresarial– a conciencia de que é necesario apostar pola innovación e existen empresas co suficiente empuje e dinamismo como para poñerse a iso.

Pero o risco que corre a nosa economía se non se aposta decididamente pola innovación é claro. As ventaxas inherentes á innovación non son ningunha entelequia nin forman parte dun discurso teórico. Son ven-



taxas concretas e mensurables como a mellora da calidade dos produtos, a obtención dunha maior cota de mercado ou o aumento da gama de bens e servizos ofrecidos pola empresa cando estamos falando de procesos de innovación de produto.

E se a innovación se refire aos procesos de negocio, estas ventaxas son tan concretas como o incremento da flexibilidade, o aforro de custos pola unidade producida, o aumento da capacidade de produción, a redución de uso de materias primas ou enerxía e a mellora no impacto medioambiental ou no cumprimento de normativas legais.

Promover a innovación en Galicia

Afortunadamente, a sociedade galega –tanto nos estamentos públicos como privados– parece plenamente consciente da necesidade de promover a innovación. Un bo exemplo disto é *A Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2007*, que se converteu no punto de encontro para os profesionais das telecomunicacións, as novas tecnoloxías e a sociedade da información na rexión. Para os asociados e colexiados de Galicia trátase do evento máis significativo do ano,

xa que permite intercambiar opinións con compañeiros de profesión e coñecer as estratexias públicas para o desenvolvemento do sector.

De feito, acontecementos como a entrega do Premio Gerardo García Campos 2007, convocado pola Asociación e o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG – COETG), que ten lugar no marco da *Noite Galega das Telecomunicacións*, revelan o labor das empresas galegas (ou vinculadas a Galicia) no sector tecnolóxico con relación á innovación, a competitividade e á divulgación e formación relacionadas coas novas canles e ferramentas de coñecemento. Esta actividade pon de manifesto os proxectos empresariais emerxentes que crean emprego cualificado e promoven a I+D+i.

É tamén manifesto o interese e o compromiso por parte da Xunta e das autoridades locais á hora de impulsar a imprantación das novas tecnoloxías e o despregue de infraestruturas dixitais.

Por todo isto, podemos dicir que o caldo de cultivo para promover a innovación en Galicia está presente, e o que queda por definir é cómo se vai desenvolver este tema no futuro.

Impulsar a innovación

Á hora de avaliar o papel que xogan as empresas privadas, a pregunta clave que xorde neste momento é ¿cómo poden as empresas impulsar a innovación?

Non existe unha variña máxica que convirte a unha empresa nunha organización innovadora da noite á mañá. Pero sí hai algunhas pistas, algunhas claves que serven para orientar as decisións das empresas que queren ser innovadoras.

En primeiro lugar, estamos falando dun proceso innovador directamente conectado coa demanda da sociedade e coas estratexias e prioridades

de negocio. Non se trata de innovar co obxectivo de innovar, senón de cambiar o xeito de actuar da empresa para que os produtos e servizos ofrecidos sexan os que demanda realmente o mercado e nas condicións nas que os demanda o mercado. Polo tanto, o proceso innovador debe comezar por analizar detidamente qué é o que necesita a sociedade e qué é o que demanda ao sector de actividade concreto no que opera a empresa.

En segundo lugar, o proceso innovador actual está intimamente ligado á tecnoloxía. As modernas ferramentas que o sector das tecnoloxías da información puxo a disposición das empresas son un motor da innovación, posto que facilitan os procesos de transformación. Son tecnoloxías cuxo valor non reside xa no incremento da capacidade de traballo (os millóns de operacións por segundo e a cantidade de datos que se poden almacenar), senón no feito de estar no corazón da estratexia de negocio.

E a terceira característica básica é que a innovación se basea na colaboración, dentro e fóra das empresas. Hai que desterrar o mito do inventor encerrado nunha torre de marfil. A innovación hoxe é un proceso aberto e multidisciplinar que esixe a participación de expertos de diversas especialidades e de diferentes organizacións. Polo tanto, as empresas deben dotarse dunha mentalidade aberta e dunha cultura participativa.

Estes son algúns dos principios fundamentais que calquera empresa debería ter en conta para impulsar a innovación e, deste xeito, garantir que a organización compite nos chanzos máis altos da escala de valor. É a mellor maneira para facer fronte aos retos do futuro e incrementar a competitividade da nosa economía. E a mellor maneira para facer fronte aos retos do futuro é incrementar a competitividade da nosa economía.

Vodafone en Galicia



Vodafone España

Vodafone España forma parte do Grupo Vodafone, líder mundial en comunicacións móbiles, cuxo principal obxectivo é mellorar a vida dos seus clientes ofrecéndolles servizos de valor e calidade tanto no persoal como no desenvolvemento dos seus negocios.

A historia de Vodafone España estivo, desde os seus inicios hai doce anos, vinculada ao desenvolvemento das comunicacións móbiles en Galicia, cunha aposta forte pola dinamización das telecomunicacións nesta Comunidade.

A comunicación móbil é un instrumento de proximidade co cidadán, que se fai máis importante en Galicia pola súa dispersión demográfica e as súas características xeográficas. A ubicuidade e facilidade de uso das telecomunicacións móbiles convertéronse en aliados imprescindibles para o desenvolvemento social.

A poboación galega destaca polo seu interese no uso das TIC. Destacar que os galegos están 8,1 puntos porcentuais por riba da media nacional no uso de servizos de datos.

Nestes momentos atópase na Coruña a sede da territorial Noroeste de Vodafone, que comprende as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León e conta con 150 empregados propios, dos que un 60% son titulados superiores e/ou de grao medio, a metade dos cales son enxeñeiros de telecomunicación. A estes empregos directos hai que sumar os máis de 400 colaboradores indirectos que participan da súa actividade empresarial.

O ano pasado púxose en marcha en Galicia a feira MOVE e este ano en Santiago de Compostela tivo lugar unha nova edición, pola que pasaron preto dun milleiro de persoas.

A través de conferencias, exposicións e demostracións prácticas, os asistentes tiveron un primeiro contacto con máis de 30 aplicacións para contornos móbiles, deseñados especificamente á medida de cada cliente. Deste xeito, Vodafone España proporciona un abano completo de solucións competitivas que permiten reducir custos e aumentar a produtividade tanto de pemes como de grandes empresas.

Banda Larga 3G de Vodafone en Galicia

Vodafone lidera en España a oferta de servizos 3G e a compañía quere seguir apostando por esta tecnoloxía mediante o despregue do servizo HSPA (High Speed Packet Access), que permite multiplicar por 4 a velocidade de subida de datos á rede ou a Internet. A maior velocidade na transferencia de datos desde dispositivos móbiles permitirá unha mellora da experiencia de usuario, o que aumentará a dispoñibilidade e produtividade do negocio. A día de hoxe, a cobertura 3G de Vodafone en Galicia é dun 80% e a cobertura HSDPA está implantada no 100% da rede 3G.

Durante os últimos tres anos, Vodafone España participou xunto coa Consellería de Industria e Comercio (Dirección Xeral de Programas Industriais e Infraestruturas Tecnolóxicas) no acordo para o fomento das tecnoloxías da comunicación no sector das pemes.

Tanto as empresas, como as administracións públicas e as entidades financeiras galegas, souberon ver na Banda Larga Móbil e en solucións como a Oficina Vodafone, que permite integrar todas as funcionalidades do fixo no móbil, unha ventaxa

competitiva para o cambio. Isto significa que a mobilidade é cada vez máis unha decisión estratéxica de innovación e unha oportunidade para estender os procesos de negocio. A cadea de valor engadido cada vez depende máis da necesidade de estar informado e de compartir información de forma permanente con redes de contactos e, nese punto, a mobilidade é fundamental.

No ámbito empresarial o uso do móbil é moi relevante. De acordo con datos de Strategy Analytics, os profesionais dos principais sectores de actividade botan preto dun 40% fóra da súa mesa de traballo. Ademais, sempre de acordo coa mesma fonte, máis do 60% das chamadas que se fan desde o móbil realízanse dentro da mesma oficina.

Neste sentido, as cifras do mercado galego dinnos que o tráfico de minutos de voz medrou un 20% respecto ao mesmo semestre do ano anterior e que os ingresos por servizos de datos –excluíndo a mensaxería– medraron un 40,7%. A crecente imprantación de Oficina Vodafone e o uso da nova xeración de módems USB e de tarxetas de datos, así como a rápida adopción das solucións de correo electrónico en mobilidade explican este incremento máis que significativo dos ingresos por datos.

FUNDACIÓN VODAFONE ESPAÑA

Vodafone conta coa súa Fundación para levar a cabo o seu labor social. A **Fundación Vodafone España** é unha institución de investigación sen ánimo de lucro, cuxo principal obxectivo é achegarlle á Sociedade os novos avances nas Tecnoloxías da Información e as Comunicacións. Para isto, desenvolve un amplo pro-

grama de actividades entre as que destacan: o desenvolvemento de proxectos de innovación aplicada á integración e teleasistencia a colectivos vulnerables, a promoción de formación en novas tecnoloxías e a difusión a través de publicacións especializadas, organización de xornadas e seminarios e desde a súa páxina web www.fundacion.vodafone.es.

Estas actividades e proxectos lévanse a cabo por todo o territorio nacional, con especial entusiasmo en Galicia, e englobanse en catro áreas de actividade: Innovación, Formación, Mecenato e Difusión.

Respecto aos proxectos de Innovación, a Fundación Vodafone ten previsto pilotar en Galicia o **Proxecto M-AvanTIC – Os Maiores Avanzan coas TIC**. Este proxecto desenvólvese en colaboración con Cruz Roja Española e Instituto de Salud Carlos III e conta co apoio do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través do Plan Avanza. O proxecto M-AvanTIC ten como obxectivo a realización e pilotaxe de aplicacións que contribúan á mellora da calidade de vida, información e coñecemento das persoas maiores a través do uso das TIC. En concreto, desenvolveranse dous programas, un de prevención de deterioro cognitivo e outro de modelado e análise de comportamento. O primeiro consiste nun conxunto de xogos e outras actividades de entretemento que permiten exercer e estimular a actividade cerebral para previr o deterioro cognitivo. O segundo, tratará de adquirir e procesar sinais que permitan analizar o comportamento das persoas maiores coa fin de aumentar o coñecemento nesta área.


En canto á Formación, hai que destacar a incorporación de Galicia neste curso académico 2007-08 ao **Proxecto ESTALMAT**, grazas ao entusiasmo da Universidade de Santiago, desde a súa Facultade de Matemáticas. Este proxecto está dedicado á detección, estímulo e

orientación do talento precoz en matemáticas. O programa púxose en marcha co apoio da Universidade de Santiago, desde a súa Facultade de Matemáticas. Este proxecto está dirixido a mozas e mozos de 12 e 13 anos, que, tras unhas probas de selección, elixe 25 alumnos como máximo por cada promoción, que consta de dous cursos escolares; as súas actividades, especialmente deseñadas para esa capacidade (especialmente cara a abstracción xeométrica) realízanse unha vez á semana fóra do horario escolar. O programa constitúe un claro exemplo da forza que a sociedade pode acadar aunando as colaboracións de institucións, familias, profesores, entidades privadas e, sobre todo, os mozos.

Co apoio a este programa, a Fundación quere contribuír a mellorar o nivel dos nosos futuros profesionais en distintos campos, (enseñeiros, matemáticos, economistas, informáticos), claves para o avance da nosa sociedade, axudando na súa educación, desde a adolescencia, a que desenvolvan o potencial que posúen.

Así, Galicia se incorpora este curso á “comunidade formativa de ESTALMAT”, que está constituída, ademais, polas Comunidades de Madrid (pioneira nela desde 1998), Cataluña, Andalucía, Castela e León -nas provincias de Burgos, Valladolid, León e Segovia-, Canarias e a Comunidade Valenciana, en Alicante e Valencia.”

En xuño de 2005, coa colaboración de ASPAYM (Asociación de Paraplégicos e Grandes Minusválidos Físicos de Galicia) e o Concello de Ferrol, a Fundación puxo en marcha a **Aula Fundación Vodafone - ASPAYM Ferrol**. Un espazo concebido para a formación no uso das TIC daqueles colectivos máis desfavorecidos. Conta cun total de 22 ordenadores conectados a Internet a través dunha rede inarámica, 16 dos cales están destinados aos alumnos.



*Aula Fundación Vodafone
ASPAYM Ferrol*

Outra colaboración importante é o **Programa de Inserción Laboral** que se leva a cabo coa Asociación **COGAMI** (Confederación Galega de Minusválidos). Este Programa de Inserción Laboral está orientado a aquelas persoas con discapacidade que presentan unha maior dificultade de acceso ao emprego en Galicia, en especial as que residen no ámbito rural e mulleres.

O uso das novas tecnoloxías é un elemento clave á hora de facilitar a integración laboral destes colectivos, mellorando os seus niveis de ocupación. O obxectivo concreto deste programa é o de informar, asesorar, formar e capacitar para o emprego a 100 persoas discapacitadas que estean en situación de desemprego nas comarcas da Coruña, Santiago, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo.



colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galicia



Asociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia



*Co agradecemento aos patrocinadores
da XII Edición da Noite Galega
das Telecomunicacións
e da Sociedade da Información*



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



e tamén a:



Martín Códax



colexio oficial
enseñeños de telecomunicación
galicia

Rúa Federico Tapia, 17 bis
entreplanta, local 4
15005 A Coruña
T. 981 919 300
F. 981 919 301
administracion@coetg.es



Asociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia

Rúa Policarpo Sanz, 11 - 1º
36202 Vigo, Pontevedra
T. 986 465 234
F. 886 125 996
aetg@aetg.org

www.aetg.org